



## CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

# Memoria de actividades. Curso 2007/08

### Consello Escolar de Galicia

**Presidenta:**

Laura Elena Sánchez Piñón, conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

**Vicepresidenta:**

Milagros Blanco Pardo

**Secretario:**

José Alejo Losada Aldrey

**Asesor técnico:**

Xosé Anxo Seoane Cao

**Persoal de administración e servizos:**

M<sup>a</sup> Carmen Barreiro Miranda

M<sup>a</sup> Dolores Gómez Gómez

### Comisión permanente

**Presidenta:**

Milagros Blanco Pardo (vicepresidenta do Consello Escolar de Galicia)

**Conselleiros:**

Raúl Gómez Farto (profesorado)

José Antonio Moar Armas (presidente da Comisión de Programación, Construción e Equipamento)

Xosé Ramos Rodríguez (presidente da Comisión de Ordenación do Sistema Educativo)

Virgilio Gantes Gómez (nais/pais)

Carlos López Crespo (Administración local)

**Secretario:**

José Alejo Losada Aldrey

**EDITA:**

Consello Escolar de Galicia

Rúa San Roque, 2

15704 Santiago de Compostela

Tel.: 981 581 466 - Fax: 981 581 598

Correo electrónico: conselloescolar@edu.xunta.es

**D. Legal:** C 3488-2008

**Deseño, maquetación e impresión**

Grafisant, S.L.

**5.3. Xornada: A participación da comunidade educativa na mellora da calidade do ensino: unha porta aberta á educación do século XXI.**

O Consello Escolar de Galicia organizou como acto de remate da primeira fase do Proxecto *A participación da comunidade educativa na mellora da calidade do ensino* unha xornada de formación e reflexión dos temas educativos que máis preocupan á sociedade o día 17 de

novembro de 2007 na Escola Galega de Administración Pública en Santiago de Compostela á que asistiron preto de 300 persoas de todos os sectores da comunidade educativa, con destacada presenza de profesorado e pais e nais de alumnos. Os sectores menos representados foron o de alumnos, persoal de administración e servizos e representantes municipais.

**PROGRAMA**

<b>09:00</b>	
-	<b>ACREDITACIÓNS</b>
<b>09:35</b>	
<b>09:40</b>	<b>INAUGURACIÓN</b>
-	Mª José Pérez Mariño, <i>directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa.</i>
<b>10:00</b>	Milagros Blanco Pardo, <i>vicepresidenta do Consello Escolar de Galicia.</i>
<b>10:05</b>	<b>PRESENTACIÓN DO INFORME: A participación da comunidade educativa na mellora da calidade do ensino.</b>
-	
<b>10:30</b>	Xosé Anxo Seoane Cao, <i>asesor técnico do Consello Escolar de Galicia.</i>
<b>10:35</b>	<b>RELATORIO: A escola a exame.</b>
-	Mariano Fernández Enguita, <i>catedrático de socioloxía da universidade de Salamanca.</i>
<b>12:05</b>	Presentadora: Gena Borrajo Borrajo, <i>directora da Revista Galega de Educación.</i>
<b>12:05</b>	
-	<b>PAUSA CAFÉ</b>
<b>12:35</b>	
<b>12:40</b>	<b>RELATORIO: Educar sen berrar.</b>
-	Guillermo Ballenato Prieto, <i>psicólogo e profesor da universidade Carlos III de Madrid.</i>
<b>14:10</b>	Presentador: Xosé Ramos Rodríguez, <i>representante dos MRP no CEG.</i>
<b>14:15</b>	
-	<b>XANTAR</b>
<b>16:25</b>	
	<b>MESAS DE TRABALLO</b>
<b>16:30</b>	<b>A: A convivencia escolar:</b> (José A. Moar Armas e José Luis Baños González)
-	<b>B: Apertura da escola ao contorno:</b> (Mª Dolores Rodríguez e Xosé Barral Sánchez)
<b>18:00</b>	<b>C: A dirección escolar a exame:</b> (Raúl Gómez Farto e Alfonso Guitián Álvarez)
	<b>D: A familia e a escola:</b> (Marta Lázara Fontao e Xelasio Suárez Santiso)
	Coordinador: Florencio Luengo Horcajo.
<b>18:05</b>	
-	<b>PAUSA CAFÉ</b>
<b>18:25</b>	
	<b>CONCLUSIÓNS E DEBATE</b>
	Florencio Luengo Horcajo, <i>profesor e coordinador xeral do proxecto Atlántida</i>
<b>18:30</b>	(A) José Antonio Moar Armas, <i>representante de titulares de centros privados no CEG</i>
-	(B) Mª Dolores Rodríguez Amoroso, <i>representante do Consello da Xuventude de Galicia no CEG</i>
<b>20:00</b>	(C) Raúl Gómez Farto, <i>representante do profesorado no CEG</i>
	(D) Marta Lázara Fontao, <i>representante de pais e nais de alumnos no CEG</i>
	Moderadora: Milagros Blanco Pardo, <i>vicepresidenta do Consello Escolar de Galicia</i>



***Educar sen berrar, foi o título do relatorio do psicólogo Guillermo Ballenato Prieto.***

“Na educación todos somos parte importante: pais e fillos, profesores e alumnos, a Administración, os cidadáns, a sociedade no seu conxunto. Ser parte implica que exista unha participación real, res-

ponsable e activa. Isto require compromiso, presenza, intervención e acción.”

Analizou polo miúdo como as novas estruturas familiares converten a educación en algo aínda máis complexo. Preguntouse se é posible “educar sen alzar a voz” e sentenciou que cando aos rapaces e rapazas se lles transmite confianza nas súas posibilidades aumenta significativamente a probabilidade de que responda a esa expectativa. Non obstante, indica que os nenos necesitan “límites razoables”. A comunicación eficaz, tanto no entorno escolar como no familiar, é a pedra de toque da mellora na educación. Tamén insistiu na idea de que o desenvolvemento de actitudes é tan importante como a adquisición de coñecementos.

Finalmente, expuxo algunhas propostas para o debate “calidade da educación”:

- Implicación e participación activa de todos os actores implicados na educación.
- Escolas de pais para facilitar e optimizar o labor educativo dos pais.

- Garderías gratuítas próximas ao domicilio ou ao posto de traballo.
- Ampliación do período de baixa por maternidade.
- Formación do profesorado: en coñecementos, pedagogía, motivación do alumnado.
- Programas de incentivos ao profesorado, ligados ao logro de obxectivos educativos.
- Métodos de aprendizaxe activa e cooperativa.
- Recursos de acceso ás novas tecnoloxías para a sociedade da información e o coñecemento.
- Diagnóstico educativo preventivo mediante probas de coñecementos xerais.
- Detección temperá de fracaso escolar, sobredotación, discapacidade, hiperactividade.
- Medidas de apoio: pedagóxico, estratexias docentes, clases de reforzo, idioma para alumnos estranxeiros.
- Reformas educativas estables, froito do pacto social e a racionalidade, co respaldo da investigación.

- Igualdade de oportunidades: composición similar do alumnado, discriminación positiva de zonas desfavorecidas.

Xa pola tarde, a xornada centrouse nas oito **mesas de traballo** constituídas en torno aos temas que, segundo os datos tirados do informe que sobre participación elaborou o Consello Escolar de Galicia, máis preocupan á comunidade educativa:

- **A convivencia escolar.** Dúas mesas de traballo coordinadas por José Antonio Moar e José Luis Baños.
- **Apertura da escola ao contorno.** Coordinadas por M<sup>a</sup>. Dolores Rodríguez Amoroso e Xosé Barral Sánchez.
- **A dirección escolar a exame.** Baixo a coordinación de Raúl Gómez Farto e Alfonso Guitián Álvarez.
- **A familia e a escola.** Coordinadas por Marta Lázara Fontao e Xelasio Suárez Santiso.



Fotografía 14: Guillermo Ballenato no seu relatorio "Educar sen berrar".



Fotografía 17: Asistentes á xornada de "A Participación da Comunidade Educativa na mellora da calidade do ensino". Santiago de Compostela, 17/11/2007.

<b>AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE</b> <i>A participación da comunidade educativa na mellora da calidade do ensino</i>	<b>RESULTADOS</b> (Valoración de 1 a 5)
<b>1.- VALORACIÓN XERAL</b>	
- Cumprimento das expectativas iniciais	<b>3,7</b>
- Contido	<b>3,8</b>
- Material de apoio entregado	<b>3,6</b>
<b>2.- APROVEITAMENTO</b>	
- Formación persoal e profesional	<b>3,7</b>
- Utilidade para o desenvolvemento da participación no Consello Escolar	<b>3,5</b>
- Coñecementos dos temas tratados	<b>3,7</b>
<b>3.- RELATOR: Xosé Anxo Seoane Cao</b> <i>INFORME: A participación da comunidade educativa na mellora da calidade do ensino.</i>	<b>3,6</b>
<b>4.- RELATOR: Mariano Fernández Enguita</b> <i>A Escola a exame</i>	<b>4,1</b>
<b>5.- RELATOR: Guillermo Ballenato Prieto</b> <i>Educar sen berrar</i>	<b>4,6</b>
<b>6.- MESAS DE TRABALLO:</b> <i>A1 e A2 A convivencia escolar</i>	<b>3,3</b>
<b>7.- MESAS DE TRABALLO:</b> <i>B1 e B2 Apertura da escola ao contorno</i>	<b>3,9</b>
<b>8.- MESAS DE TRABALLO:</b> <i>C1 e C2 A dirección escolar a exame</i>	<b>3,2</b>
<b>9.- MESAS DE TRABALLO:</b> <i>D1 e D2 A familia e a escola</i>	<b>3,4</b>
<b>10.- CONCLUSIÓNS E DEBATE</b>	<b>3,8</b>
<b>11.- ASPECTOS ORGANIZATIVOS</b>	
- Lugar	<b>4,3</b>
- Datás	<b>3,9</b>
- Duración	<b>3,8</b>
- Coordinación da actividade	<b>4,0</b>
- Clima creado e relación cos asistentes	<b>4,1</b>